

10/02/2014

GRUPO DE TRABAJO DE PROMOCIÓN DA ESPECIALIDADE OBJECTIVOS

Dentro de poucos meses rematarán o seu período de formación especializada en enfermaría familiar e comunitaria a segunda promoción a nivel do conxunto do Estado e a primeira en Galicia. A calidade e competencias adquiridas destes profesionais no ámbito do seu programa formativo é, dende o punto de vista da calidade incuestionable, a par que tamén o son as súas gañas de poñer os coñecementos acadados ao alcance dos usuarios do Sistema de Saúde.

Cremos que a atención a cronicidade vai poñer a proba ao sistema de saúde tanto dende o punto de vista económico en si coma dende o punto de vista asistencial, e ilo vai requirir novos escenarios organizativos e novos retos para tódolos profesionais de ambos niveles asistenciais.

Os enfermeiros/as especialistas en enfermaría familiar e comunitaria somos un recurso que non pode ser desvotado, o Sitema de Saúde non pode permitirse desaproveitarnos por iso estamos implementando tódalas accións necesarias conducentes a acadar a nosa inserción laboral co obxectivo de que os usuarios dos centros de saúde de Galicia poidan ser atendidos por enfermeiros/as coa mellor formación posible.

Dende o grupo de traballo “PROMOCIÓN DA ESPECIALIDADE” de AGEFEC, somos conscientes de que o actual “status quo” non é o idóneo para avanzar cara un modelo asistencial no que os enfermeiros e enfermeiras de atención primaria asuman mais protagonismo no coidado dos cidadáns, polo que asumimos que van a ser precisos cambios organizativos importantes e nos que os traballadores en activo non podemos ficar coma simples espectadores. Os impulsores do cambio temos que ser nós, os enfermeiros e enfermeiras dos centros de saúde que levamos anos neste ámbito asistencial. Teremos que convivir durante un longo tempo especialista e non especialistas, pero o camiño debe ir, forzosamente na dirección de que a longo prazo tódolos enfermeiros e enfermeiras de primaria sexan especialistas. Con ese obxectivo elaboramos este documento que deba servir de guía para o grupo de traballo, pero tamén debe ser un documento vivo, que se vaia enriquecendo coas novas aportacións que se fagan ou, mesmamente que sirva de base para un documento con maiores aspiracións.

OBJECTIVOS XERAIS

1. Promover o desenvolvemento pleno da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria.
2. Acadar a inserción laboral de tódolos especialistas segundo vaian rematando o seu proceso de formación.
3. A longo prazo, acadar a totalidade dos postos de traballo de primaria como da nova categoría.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Laborais

- 1.1 Creación da categoría laboral de enfermeiro especialista en Enfermería Familiar e Comunitaria e creación dunha bolsa de traballo específica.
- 1.2 Conversión das vacantes que se produzan por xubilación do profesional ou feito asimilado, en prazas da nova categoría.
- 1.3 Inclusión do requisito da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria para poder inscribirse na bolsa de traballo de enfermeiro/a do 061 como sucede cos facultativos.
- 1.4 Inclusión do requisito da Especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria para poder acceder a un posto de traballo nos Servizos de Saúde Pública.
- 1.5 Que o tempo traballado como residente sexa tido en conta, a tódolos efectos, como traballo efectivo no Sistema de Saúde ao igual que sucede noutras categorías profesionais.
- 1.6 Acadar un novo baremo de traslados no que se contemplan como méritos as publicacións científicas, poñencias en congresos, doutorado, etc. de tal xeito que o tempo traballado non sexa o único mérito.

2. Institucionais

- 2.1 Acadar a acreditación de tódalas unidades docentes de Medicina de Familia como multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria e unha oferta crecente cada ano de prazas de formación.
- 2.2 Acadar que os postos de xestión sanitaria de diferente índole sexan ocupados por especialistas.

Accións:

- Secundar tódalas accións que promovan as SS.CC. e outras institucións na consecución do desenvolvemento pleno da especialidade en todo o Estado.
- Secundar tódalas accións que promovan as SS.CC. e outras institucións para acadar a convocatoria da proba para acceder a especialidade pola vía extraordinaria.
- Participar activamente nas sociedades científicas de enfermmería comprometéndose nos órganos de dirección.
- Difusión nos medios de comunicación, redes sociais, páxina web, etc. de tódalas novidades referidas a especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria.
- Firma de diferentes acordos entre organismos co obxectivo de impulsar a especialidade en tódolos seus ámbitos.

- Buscar acordos coas SS.CC. que representen a outras especialidades para acadar obxectivos comúns.
- Presionar nos órganos de representación dos traballadores (sindicatos) ata acadar o desenvolvemento pleno da especialidade e que os especialistas (independentemente da vía de acceso a especialidade) acaden un posto de traballo no ámbito laboral para o que se formaron.

3. Académicos

- 3.1 Acadar o coñecemento da especialidade e o seu programa formativo no ámbito da Universidade.

Accións:

- Promover a difusión da especialidade nos ámbitos académicos, ofertando nas facultades de Enfermería seminarios dentro da materia de Enfermería Comunitaria co fin de acercar os alumnos a experiencia formativa EIR.

4. Científicos

- 4.1 Contribuir ao coñecemento da especialidade e da enfermaría familiar e comunitaria a través da investigación enfermeira e da divulgación do coñecemento científico.

Accións:

- Promover a investigación en atención primaria promovendo a creación de grupos de traballo.
- Participar en foros científicos de discusión.
- Participar activamente en congresos e xornadas científicas, organizando, publicando, etc para visualizar o empuxe dos especialistas.

5. Sociais

- 5.1 Contribuir a que a enfermaría familiar e comunitaria teña a visibilidade social e repercusión mediática que teñen outras categorías profesionais do ámbito de primaria.

Accións:

- Realizar sesións informativas sobre promoción da saúde nos diferentes colectivos/asociacións.
- Realizar sesións informativas aos profesionais sanitarios acerca da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria para tratar que se visualice a profesión enfermeira en xeral e a especialidade en particular nos ámbitos sociais.
- Aproveitar as oportunidades que ofrecen datas sinaladas (día da diabete, día do paciente oncolóxico, día do alzheimer, etc) para

acudir ao medios de comunicación e por en valor a nosa contribución aos cuidados e benestar da cidadanía con patoloxías crónicas.

- Aproveitar momentos puntuais (vacinação da gripe) para acudir aos medios e facer visible a nosa contribución ao éxito de ditas campañas e a promoción de hábitos saudables para minimizar o impacto da transmisión de enfermidades epidemicopandémicas.
- Utilizar a escola (primaria, secundaria) como medio natural de desenvolvemento da nosa actividade educativa e como oportunidade para visualizarnos na sociedade.

6. Asistenciais

6.1 Valorizar o papel da enfermaría das unidades e servizos de atención primaria situandos ao mesmo nivel que aos facultativos dende o punto de vista asistencial e de xestión.

Accións:

- Esixir ao Servizo Galego de Saúde un acordo de xestión nas Unidades e Servizos de Atención Primaria no que as enfermeiras non sexan avaliadas so pola realización de técnicas, senón por resultados de saúde donde a prevención e o seguimento do paciente crónico e a atención domiciliaria e paliativa ocupe o eixo central das intervencións enfermeiras.
- Esixir ao Servizo Galego de Saúde as modificacións precisas na Hª C. electrónica para que as enfermeiras podan aplicar o proceso enfermeiro na súa actividade asistencial e diminuír a variabilidade nos rexistros.
- Inserción de novos servizos dende a atención primaria como poden ser os de ciruxía menor ou infiltracións.
- Posta en marcha do sistema de xestión de casos baseado no paciente crónico complexo.
- Promover a realización de talleres específicos para grupos de pacientes dende o centro de saúde.
- Impulsar a importancia da realización do diagnóstico comunitario para implementar as actividades comunitarias mais axeitadas.
- Impulsar a colaboración cos concellos referentes de cada centro de saúde nas actividades comunitarias de promoción da saúde e estilos de vida saudables entre a poboación.
- Acadar o completo desenrolo da prescrición enfermeira.
- Adecuación das axendas de enfermaría con consultas a demanda, concertada, visitas telemáticas, consulta telefónica e domiciliaria co seu respectivo tempo segundo o tipo de visita.